



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN LABACA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE SEGUNDA OPORTUNIDADE PARA MENORES INTERNADOS NOS CENTROS CONCEPCIÓN ARENAL E CIEMA DA CORUÑA E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DOS MOZOS/AS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social declara:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Labaca o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Labaca para facilitar o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral dos mozos/as, de idades comprendidas entre 16 e 25 anos, que se encontren cumprindo ou finalicen medidas xudiciais nos centros de Concepción Arenal e CIEMA da Coruña, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Primeiro.- Que o artigo 45.1 da lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, atribúe ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes para o que levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

Segundo.- Que lle corresponde á Consellería de Política Social, través de la Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo co establecido no artigo 13 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (LORPM).

Terceiro.- O artigo 55 da LORPM dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade, favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

Cuarto.- Que a Fundación Labaca é unha organización constituída sen fin de lucro, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1913/1 e no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-7325, transferida á Xunta de Galicia en virtude do Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á





Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo consta na Orde do 12 de novembro de 2020, en relación coa orde de 12 do xuño de 2019, que orienta o seu labor á mellora da educación e integración dos colectivos máis desfavorecidos da cidade da Coruña, promovendo vías para a súa inserción laboral e educativa a través do desenvolvemento dun programa " escolas de segunda oportunidade" (ESO-21 Labaca).

Quinto.-A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio; a integración social dos mozos/as en risco de exclusión social, especialmente dos internos nos centros de menores.

Sexto.- O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o o 31 de decembro de 2022.

Sétimo.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende coa exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

